



CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

Nº 79

VERÁN 2006

Editado 30/06/06



➔ Picos de Europa, 22-25 de xullo

Como noutros anos o Club Montañeiros Celtas argalla actividades conxuntas con outros Clubs de Montaña. O ano anterior Foi co Club de Montaña Ferrol, este ano quedamos máis pretoño da casa e será Club Peña Trevinca o noso socio na preparación dunha saída a Picos de Europa na ponte de Santiago. Queremos destacar o feito de que este é un acto de fraternidade e boa relación entre os dous Clubs.

Animamos aos socios a participar nesta actividade, tanto polo atractivo da mesma como polo feito histórico de cooperación entre os dous Clubs.

Para que vos fagades unha idea do atractivo da actividade mencionar algúns dos emblemáticos lugares que están previstos percorrer: Sotres, Pico Santa Ana, Peña Vieja, Canal do Vidrio, Espinama, Fuente Dé, Cabaña Verónica, Horcados Rojos, Vega de Liordes, Collado Jermoso, Canal de Asotín, Cordiñanes, Ruta do Cares, Poncebos...

Prazas limitadas, inscricións ata o 19 de xullo.

Vas perder esta importante e interesante convivencia montañeira neste fermoso lugar?

Participa!

➔ Pirineos 2006, 28 de xullo ao 6 de agosto

ARIÈGE, o Pirineo mellor conservado (FRANCIA)

¿Que podemos facer este verán? Unha idea marabillosa é ir a outro país e ¿por que non a Francia?.

Ariège está na vertente setentrional pirenaica -ao outro lado de Andorra-. É este o departamento menos poboado do estado francés e un dos que conserva maior poboación rural. A montaña ocupa a maior parte da superficie desta magnífica rexión occitana.

O Club elixiu unha zona do Pirineo totalmente descoñecida.

¿Queres pasar unhas vacacións diferentes, lonxe das aglomeracións e con múltiples opcións deportivas: alta montaña, sendeiros, ferratas, canóns, parapente...? ¿queres traer a toda a familia e gozar con eles dun entorno privilexiado nun cámping con piscina e con zonas especialmente pensadas para nenos?

... Entón Ariège é o lugar ideal para as túas vacacións.

VEN A PIRINEOS! DESCUBRE PIRINEOS!

Neste número:

<i>Picos de Europa</i>	1
<i>Pirineos 2006</i>	1
<i>Axenda</i>	2
<i>Información Xeral do Club</i>	2
<i>Actividades Sociais</i>	2
<i>Cultura e Medio Ambiente</i>	2
<i>Actividades Subacuáticas</i>	3
<i>Camiño de Santiago</i>	4
<i>Sendeirismo</i>	5
<i>Montañismo</i>	6
<i>EspeleoSección</i>	10
<i>Vindeiras Actividades</i>	12

Conchi Barciela

Máis información destas dúas actividades na páxina 9

AXENDA

Venres, 8 setembro “Festa Reencontro”, pola Sección de Actividades Sociais. No Club a partires das 20.30 horas.

Venres, 22 setembro “II Campionato Galego de Escalada Base”, pola Sección de Escalada. Proxección dixital. No Club ás 20.30 h.

INFORMACIÓN XERAL DO CLUB

VACACIÓNS

O Local Social do Club estará pechado durante o mes de agosto, abrindo novamente o venres 1 de setembro.

REVISTA

No segundo semestre do presente ano temos previsto editar unha nova revista a toda cor, nela publicaranse colaboracións e artigos das actividades máis destacadas do ano, entre elas algunhas das realizadas recentemente como a Marcha Galega con Vivac, o II Campionato Galego de Escalada Base, o XI Descenso con aletas do Río Tea, a Operación Benxamín, etc. por elo non se publican neste boletín.

CAMISETA TÉRMICA

O Club ten á venda diversas prendas, unha das máis axeitadas a esta época veraniega son as camisetas térmicas, levan o nome e logo do Club e son de cor azul clara e de manga curta. O prezo é de 24 euros.



TRABALLADORAS CONTRATADAS

Infórmase de que as dúas socias que están a traballar na oficina do Club, Nerea Suárez e a recentemente incorporada Iria Cotarelo (que cubre o posto deixado por Andrea), teñen contrato laboral en vigor.

REFUXIO DOMAIO

En cumprimento do acordado na Asemblea Xeral Ordinaria deste ano, o Club renovou a concesión do Refuxio Domaio por 25 anos, por tanto este refuxio seguirá sendo propiedade de Montañeiros Celtas ao menos ata o ano 2031.

MOSTRA O TEU CARNÉ DE SOCIO!

O Club ten acordos con tendas (Vigo) de material deportivo afíns ás nosas actividades para ofrecerlles aos socios mellores prezos.

Aproveita os descontos:



Terra dos Mares:

Conde de Torrecedeira, 14. Artigos de efectos navais, náutica, mergullo e pesca deportiva. **Descontos:** dende o 10 % ata o 40 %

Terra: R/ Pi y Margall, 53

Material de montaña, escalada, camping, etc. **Desconto:** carácter xeral o 10%, en calzado o 5%. Se facedes o pago ao contado, o 13%, en calzado 8%.



VigoBike:

Carretera Provincial, 23
Todo tipo de artigos relacionados co mundo da bicicleta. Teñen taller de reparacións. **Desconto** 10%. Con pago ao contado, o 15 %.



Westpeak: Avda. Camelias, 20
Skate, Snowboard, Surf & Body, Wake. **Descontos:** En vestiario e complementos o 10%, con efectivo o 13%. En neoprenos e material duro o 5%, ao contado 8%



ACTIVIDADES SOCIAIS

Festa Reencontro

8 de setembro

Este ano na Festa de Primavera non houbo “cheo” pero asistimos a charlas amigables e veteranas, por exemplo: Mucha, Juani e Ángeles A. sentadas xuntas.

Como este verán no campamento de Pirineos volvemos a Francia, pensei que para a Festa Reencontro, que celebraremos o venres 8 de setembro, poderíamos facer unha festa con algunha especialidade francesa.

Se queredes podedes participar traendo alimentos ou bebidas, senón... pasarémolo peto.

F.F.



CULTURA E MEDIO AMBIENTE

Maratón Fotográfico

O sábado 13 de maio celebramos o primeiro maratón fotográfico do noso club. Saímos ás 10 h do local social e dirixímonos a Faro de Budiño, onde nos esperaba a reunión galega anual de escaladores. Un dos temas do maratón foi, como non, a escaladada, e o outro tema foi a pedra.

Foron unhas xornadas divertidas para todos, onde os participantes se esforzaron e conseguiron numerosas instantáneas moi bonitas. Puidemos gozar dun animado xantar de campo. As fotos foron entregadas sobre as cinco da tarde, e admitíronse un máximo de 12 por persoa.

A gañadora do Maratón foi Cristina Pérez Álvarez.

Martín García



Concurso Foto 2006. Rematada a exposición itinerante da edición 2005 do Concurso fotográfico, que tivo na vila de Nigrán a súa derradeira sede, xa estamos a preparar o V Concurso de Fotografía de Montaña “Montañeiros Celtas” que este ano está dedicado ao noso compañeiro Cholo. As Bases son practicamente as mesmas da edición anterior, polo que xa podedes preparar os equipos fotográficos e dispoñervos a facer boas fotografías, aproveitando as viaxes das vacacións que de seguro moitos poderán gozar en lugares de gran interese montaño. Xa sabedes que hai importantes premios, inda que o máis importante é participar.

PIRAGÜISMO POPULAR Río Miño, 4 de maio

Ás 10 da mañá estabamos na praia de Eiras. Ía moitísima calor e xa apetecía botarse á auga. Nós eramos as novas. Puxemos os chalecos e saltamos ás piraguas.

A marea estaba moi baixa e tiñamos que remar moito. Baixamos o río e iso axudaba. Fomos á praia dos tobogáns, onde nos demos un chapuzón botándonos dende eles. De tanto remar tiñamos unha fame que morriamos.

Dende a ponte de Tabagón, comezamos a subir polo río Tamuxe ata os muíños. Alí xantamos, estivemos de charla e démonos uns baños. Voltamos baixar polo Tamuxe ata o Miño. Custounos subir o río, a marea estaba alta e había moita corrente. Rodeamos a illa que está fronte aos tobogáns. Algúns foron ata Portugal.

Chegamos a Eiras cansadísimas e con ampolas nas mans. Como seguía a facer calor, volvémonos bañar, despois merendamos e para casa.

Irene, África e Sofía

Saída de PIRAGÜISMO XUVENIL 7 de maio

Eran as 8:00 da mañá cando soou a alarma do móbil, non había moitas ganas de levantarse pero. Ás nove chegamos ao club onde nos repartimos nos coches e puxemos rumbo cara a Salvaterra de Miño, dende onde partiría a nosa travesía. A furgoneta de Mikayak demorouse un pouco e saímos sobre as 11 da mañá dende a ponte que une Monçao con Salvaterra. O río presentábase tranquilo, as súas cristalinas augas mostrábanse pacíficas, aínda que máis dun probou a súa temperatura que non era de todo agradábel.

Na metade do percorrido fixemos unha pequena parada para recuperar forzas, e algún intrépido mesmo se atreveu a dar un baño a pesar de que o día non invitaba a facelo. Tras ese descanso puxémonos outra vez en marcha sucando as fermosas augas do río Miño. Por desgraza para algúns o río baixaba con bastante auga e non había ningún rápido divertido, só pequenas correntes.

Chegamos a Tui sobre as dúas do mediodía, cansos e famentos. Cargamos as piraguas no remolque e puxemos fin á nosa actividade. En total 12 km. en tres horas e media.



Esta actividade está organizada conxuntamente pola Sección de Actividades Subacuáticas e a Sección de Actividades Sociais.

CAMPAMENTO DE VERÁN

15 - 16
de xullo

Este ano o Campamento de Verán o celebraremos en **Portosín, na Ría de Muros e Noia**, os días 15 e 16 de xullo. Instalarémonos no Cánting Punta Batuda, situado ao carón do Club Náutico de Portosín.

Como é costume o Club invita a sardiñas, pan e viño na noite do sábado, na que esperamos ter unha bonita velada.

O domingo, e contando coas embarcacións de Mi Kayak, teremos unha actividade de kaiak de mar cun fermoso percorrido con saída da Praia de Hornada (ao pé do Cánting) e remate na vila de Muros, onde deixaremos os kaiaks. A media ruta, na Praia de Cabanas, está previsto desembarcar para facer un descanso e comer (neste punto pódense retirar os participantes que o desexen). O regreso de Muros ata Portosín está previsto realizalo en bus.

Fernando

INMERSIÓN SUBMARINA Pecio Ivy, 2 de xuño

O pasado venres 2 de xuño, tras levar moito tempo sen facer ningunha inmersión, por fin fixemos unha saída na sección de actividades subacuáticas. Decidimos ir ás Illas Estelas, e visitar o cargueiro afundido que alí se atopa, o Ivy. Na inmersión participamos Alberto, Guille, Suso, Oscar, Steve (...). Saímos do Náutico sobre as 5 da tarde, tras 20 minutos de barco por fin chegamos ao lugar elixido. Nada máis chegar, preparámonos todos e botámonos á auga. Descendemos polo cabo da áncora lentamente ata chegar ao fondo, un fondo duns 15 metros de profundidade e totalmente cuberto por mineral de ferro xa que o Ivy transportábo cando afundi. O barco estaba bastante deteriorado pero a estrutura da adega e parte do casco estaban bastante ben conservados, permitíndonos incluso introducirmos na adega e ver a fauna e flora que alí se atopaban. Tras abandonar a adega decidimos rodear o barco e as partes deste que se atopaban rotas e espaxadas polo fondo. Non había demasiada flora debido a que o mineral de ferro asentado no fondo mariño non permitía o seu crecemento, pola contra si que puidemos observar



bastante fauna, estaban os típicos congros, estrelas de mar e un gran número de ofiuras. Estivemos baixo o mar durante aproximadamente 50 minutos e cunha profundidade máxima de 17 metros, non había corrente algunha e a temperatura da auga era perfecta; en resumo, unha inmersión bonita e perfecta.

71 DÍAS..... 1.923 KM

¿Por que camiñei -sen xornada de descanso- dende Vigo a Saint-Jean Pied de Port (Francia) e volta a Vigo, pasando por Fisterra, polo camiño francés de Santiago? ¿A onde vou? ¿Que busco?.

Ónde vas, díxome Auguste, un pequeno ladronzuelo con quen camiñei varias xornadas cando nos afastabamos de Santiago e nos cruzabamos con todos os peregrinos. Vas a Ítaca.

Auguste liberaba de peso a cansados peregrinos: móbiles, cámaras fotográficas ou outras pequenas cousas, contribuíndo así mesmo, a mellorarlles o espírito, apartándoos da voráxine consumista (chamadas, fotos, foto, mensaxe, chamada....), introducíndoos na paz e no sosego do camiño e a súa peregrinaxe. Como valor engadido Auguste dábase el mesmo, escoitando atentamente e compartindo tardes, por exemplo cunha solitaria e marxinal señora de limpeza de albergue, algo maior e non moi agraciada no físico, escoitándoa e sorríndolle durante 6-8 horas e agasallándoa para almorzar cuns pasteis que compartimos os tres. Non esquezo o único reproche que lle fago: non ter levado o meu móbil -Amena- con que me cargou o meu fillo. Nunca tiña cobertura, so peso na mochila. Rompeuse ao deixalo caer involuntariamente por enésima vez, dende a liteira superior do enésimo albergue ¡como aguantou

caídas!, chegou ata Fisterra. A min Auguste ademais da súa compañía e información de albergues onde durmir e comer gratis, deume a resposta de a onde vou. Grazas Auguste.

Vou a Ítaca. “Cando emprendas a túa viaxe a Ítaca, pide que o camiño sexa longo, cheo de aventuras, cheo de experiencias. Non temas aos lestrigones, nin aos cíclopes, ou ao colérico Poseidón, seres tales xamais os atoparás no teu camiño senón os levas dentro da túa alma, senón os ergue a túa alma en ti”.

Os ladronzuelos soen camiñar no sentido inverso, de volta, e supermdrugan, é cando actúan.

Cando todas as túas pertenzas caben nunha mochila de 55 litros, es capaz de dar e compartir todo.

Despois de camiñar 40 km dispóñome a descansar, pero xorden discrepancias coa hospitaleira. “Esta non leva un albergue -penso-, senón a recepción dun hotel de 80 prazas en catro habitacións compartidas, e traballa con viaxes Halcón, e recibe turistas con furgoneta de apoio, 10 maletas na entrada, que

camiñan media etapa para chegar os primeiros, escoller habitación e liteira”.. Todas as miñas sensacións son negativas. Collo a mochila e camiño 12 km máis, baixo a chuvía ata o próximo albergue - Navarrete. Os 4 peregrinos que alí pernoctan suízo, alemán, austríaco, e italiano -incluído o hospitaleiro-, ofrécenme compartir a súa cea. Acepto, pero estou canso para compartir o traballo. Non hai problema, senta, non fagas nada. Durante a cea existe comunicación porque existe vontade por parte das persoas, unhas poucas palabras de inglés bastan. Ao final ¿a canto tocamos? Non, nada, estás invitado. O de compartir a cea foi case unha constante, non así o de non dar pao á auga e gratis.

Vou a Ítaca: “Pide que o camiño sexa longo.

Que sexan moitas as noites de verán en que chegues a portos nunca antes vistos, detente non emporios de Fenicia. Vai a moitas cidades exipcias a aprender, a aprender dos sabios. Ten sempre a Ítaca no teu pensamento. A túa chegada alí é o teu destino, mais non apresures nunca a viaxe, mellor que dure moitos anos, e atracar vello e enriquecido na vida de canto ganaches no camiño, sen esperar que Ítaca te enriqueza”.

¿Que sentir, que pensar cando o cansazo se reflicte na túa faciana e un peregrino che ofrece unha masaxe? Eu agradecemento e pracer. Aos 3 días volves coincidir nouro albergue - Poferrada, outra masaxe.

As mans van onde non debían, o pantalón do peregrino-masaxista incha. Dinche que es moi sexy. Stop masaxe. Intento bromear. “Sexy, sexy, será polo bronceado das pernas que viches mentres camiñaba”. “Non, todo sexy” -dí-Sei que non é certo, pero sentínme afagado. Durante os 3 días seguintes camiñei 50 km/día, poñendo distancia no medio. É unha excelente persoa, canadense. Michel. Volvín atopalo. Cruzámonos, eu volvía e el ía a Fisterra. Sorrímonos, bicámonos nas meixelas e di: “Pareces canso”. “¿Masaxe?” -penso eu-. Non contesto, preguntolle qué hora é. “As 11.30 h”. Buf qué tarde.... Adeus Michael. Vémonos. Teño dous e-mail seus. Actualmente só sei lelos, cando aprenda a contestar, responderille, non me gustaría perder unha relación de amizade, aínda que nunca volvamos a coincidir en persoa, ¿ou si?

Aprendín a recibir e agradecer, tamén aprendín a dar, sorrisos, opinións -nunca consellos- Cousas de gran valor.

CONTINÚA NA PÁXINA SEGUINTE >>>



CAMIÑO DE SANTIAGO: O CAMIÑO FRANCÉS

>> Pasei por Eunate, punto máxico, igrexa octogonal con atrio octogonal que a rodea e con milleiros de teorías esotéricas. Está soa, en metade da nada ¿construírona os templarios?... Ao chegar uns preciosos capiteis románicos nunha porta lateral atraéronme, pero ¡quieto! Un grupo de cataláns dando 7 voltas e outro grupo tamén cataláns fotografándoos. A miña educación chegou á cuarta volta, crucei ata os capiteis e nas outras tres voltas fun de recordo para Cataluña en múltiples fotografías. Despois, fun ver o interior da igrexa, ao cruzar a porta coa mochila sobre o ombro esquerdo, a multitude catalana vén sobre min dándome as costas (camiñan cara atrás, do altar maior á porta principal), axitando os brazos cara as alturas. Aquí xa non fun tan educado. Non me parei, pasei polo medio e xirei nun 85%. Espero non terlles roto o influxo positivo que estaban a recibir. Eu, non sentín nada, a pesar de dar unhas cantas voltas á luz da lúa e subido ao muro do atrio. O verdadeiramente máxico foi a acollida do mestre da igrexa e a súa esposa na súa casa. Habitación só para min, gran cesto de vimbio con inscrición: “colle o que precises, deixa o que non che faga falta”. Collín mini almofada de plumas, ideal para o resto da viaxe, exquisita cea compartida con eles dous, que fixeron e non me deixaron fregar os pratos e, o mellor, pola mañá no comedor-cociña, estaba posto o almuerzo bufe para min e o meu silencio. De hotel 5 estrelas. O prezo de todo, a vontade. Deixeiilles no taboleiro unha opinión que creo necesitaban.

A segunda pregunta ¿que busco?. Cando empecei este camiño que agora sei que vai a Ítaca, non o sabía, pero encontreino de volta, en Galicia. Creo que en Barbadelo, ou foi en Ferreiros? Ou foi...?. Chovía moito, esaxeradamente. Ía frío, estaba canso,

serían sobre as 3 da tarde e xurdiu o albergue aberto, baleiro de peregrinos. Quentei o único que levaba de comida, un sobre de sopa e 5 galletas por pan. Era feliz, inmensamente feliz. Mentalmente preguntábame ¿que fago aquí? Abría os brazos e mentalmente respondía, ser feliz. Fóra seguía chovendo torrencialmente e ía saír, e saín, pero feliz. Agora sei o que busco. Ese éxtase, ese ser feliz, sen causa, nin orixe, pero con fin ¿cantos instantes máis atoparei?

Vou a Ítaca: “*Ítaca brindouche tan fermosa viaxe. Sen ela non terías aprendido o camiño, pero non ten xa nada que darche, aínda que o atopas pobre, Ítaca non che enganou. Así sabio como te convertiches, con tanta experiencia, entenderás xa que significan as Ítacas*”

E por último, unha opinión, nunca un consello. As normas e os costumes creo que están para rompelos, nunca para cumprilos, como cumprín eu ao chegar a Fisterra e ao seu faro. Queimei a miña roupa usada para transformarme nun novo home (non quere dicir mellor). A milagre produciuse á semana. Outro home distinto nacera -é dicir novo-. Amencín cunha pequena hernia de disco rebelde, coa que comparto a vida, que me inmovilizou e deprimiu 4 meses.

Víctor Impar



PD. Di J. Reverte: As viaxes individuais enchen de liberdade e exímenche de culpa”. Opino eu “O que queira ir a Ítaca, debe ir só”

SENDEIRISMO

Sendeiro tranquilo RÍO DA FRAGA, 7 de maio

Este domingo trocamos a ruta programada de Luintra-San Estebo polo sendeiro do Río da Fraga, que atravesa de norte a sur as terras do concello de Moaña e desemboca na praia da Xunqueira.

En quince minutos de travesía, os 17 compoñentes do grupo cruzamos a ría e nada máis chegar a Moaña buscamos unha cafetería onde, como é costume, tomamos un café.

Pola avenida principal acercámonos a un pequeno parque onde hai un cartel indicativo da ruta, que se pode realizar pola parte superior, a das fervezas, ou ben pola inferior, a dos muíños. Nós optamos por esta última e, tras pasar o primeiro tramo urbano internámonos no sendeiro onde aparecen frescas leiras de verde herba, prímulas e todo tipo de plantas tan familiares para os que vivimos en aldeas rodeados de campo. Seguimos o curso do río e atopamos cos primeiros muíños que enmarcan as ribeiras deste río; son 29 e algúns están restaurados, pero a maior parte non son máis que románticas ruínas, desoladas paredes de pedra que o musgo e o tempo cubriron.

O sendeiro faise moi levadeiro, apenas nos decatamos de que estamos subindo. Nel todo está debidamente acondicionado e sinalizado, con pontes de madeira, chanzos cavados nas ramplas, varandas e terrazas para gozar do río e da poboación autóctona da fraga, ameneiros, salgueiros, carballos, castiñeiros, loureiros, entre os que se abren paso as acacias e os eucaliptos.

En máis dunha ocasión teríanos gustado descansar nos bancos e mesas rústicas que hai nos claros do bosque, pero é pronto para xantar, e a ruta polos muíños só ten unha lonxitude de 6 quilómetros e queremos aproveitar máis a mañá para admirar a panorámica que se divisa dende o Monte Faro Domaio.

Pero este bosque idílico non se atopa illado e por elo debe pagar o seu tributo á civilización permitindo que a recente vía rápida do Morrazo lle clave os seus pés de formigón arrasando todo o que atopa ao seu paso.

O camiño faise un pouco máis empinado e o río, nun principio de augas tranquilas, pouco a pouco desencadea pequenas fervezas.

Desaparece a senda que é substituída por un suco feito polas motos e que nós aproveitamos para alcanzar os 624 metros de Monte Faro.

Ao chegar, a primeira impresión é ¡QUE HORROR! Co tempo instaláron numerosas antenas e o refuxio Domaio, recentemente renovada a súa concesión ao Club, aparece como unha mancha gris rodeada de postes de antenas. Así se explica que ninguén o utilice. Que cartos tan mal gastados. De subir, o único que merece a pena é a panorámica, estamos no miradoiro máis alto da península do Morrazo, con vistas a todas as rías, niso somos afortunados ¿por canto tempo?

Aproveitamos a zona de descanso para xantar e ao cabo dunha hora baixamos polo mesmo sendeiro. A medida que alcanzamos a poboación, este sendeiro se volve ruta e o río urbano.

Para finalizar, celebramos este magnífico percorrido cunha boa cervexa e falando doutros desvíos dentro do sendeiro como a visita ao miradoiro e ao dolmen de Chan de Arquíña. Volveremos.

Concha



MACIZO DO MAMPODRE (LEÓN), 29 - 30 de abril e 1 de maio

Durmimos nunha pequena aldea leonesa de Maraña (1.250 m). A mañá do 30 dirixímonos ao Sur cruzando un arroio por unha pequena ponte de formigón e unha pista que dá acceso a varias casas situadas a uns 150 m do centro da aldea. Cando a pista sube un pouco, xusto antes de chegar ás casas, sae un desvío á esquerda que nos leva, sen perda, ao Circo de Mampodre. Estamos rodeados de prados verdísimos, cun regato e as montañas altas. A paraxe é impresionante. Estaremos a uns 1.500 m de altura.

Comezamos a subir polo lado esquerdo do circo, cando collemos un pouco de altura vemos no centro a Lagoa Mampodre. A cousa vaíse complicando e comezamos a usar mans para poder seguir subindo; é un pouco aéreo, logo ponse máis fácil e por fin chegamos ao Pico Valjarto (2.035 m), continuamos cristeando ata o Pico Mediodía (2.179 m). A zona ponse máis seria e bonita, parte do grupo decide dar volta, e os demais seguirmos ata o Pico Valdecerrao (2.176 m). Despois dunha pina ladeira, a pleno sol do mediodía, merecemos un descanso para xantar e beber. Media hora despois o grupo vólvese dividir, uns baixan polos neveiros cara á lagoa Mampodre e os demais seguimos polo Arroio de Valverde cara a Maraña.

Ao día seguinte imos ata a aldea de Horcadas, no corazón do famoso pantano de Riaño, dende aquí intentaremos subir ao Gilbo (1.675 m). En principio non ten perda, xa que este monte é inconfundible e está situado ao N. Saímos da aldea por un sendeiro que ademais, abandonaremos para comezar a ascensión seguindo os fitos. Aquí tamén teremos que facer uso das nosas mans. Una vez chegado arriba aínda nos queda a aresta cimeira. As vistas dende aquí son maravillosas, facemos unhas fotiñas, xantamos algo e para abaixo.

MTGC

SENDEIROS - MARAÑA

O sábado un pequeno grupo unímonos ao resto dos montañeiros que xa acampaban dende o día anterior na aldea de Maraña.

O grupo de sendeiros decidimos percorrer a Senda do Arcediano que debe o seu nome a D. Pedro Díaz, natural de Oseja e canónigo de profesión, quen deixou dictado no seu testamento *“que cada ano y para siempre jamás se gasten de las rentas de mis bienes 20 ducados para aderezar los caminos por ser tierra muy fragosa, y aunque ya hay gastado cantidad de maravedíes en reparar dichos caminos, necesita de más”*. Certo que a terra é fragosa xa que tan pronto como iniciamos o camiño dende o Porto de Pontón introducímonos nun espectacular bosque de faias e acivros. Descendemos un bo treito e cruzamos a estrada para chegar a unha zona de praderías onde os carreteiros descansaban cos seus bois. Cando o bosque comeza a despexar, o camiño lévanos ata Soto de Sajambre. Aínda que a senda transcorre por terras leonesas, a paisaxe e o entorno parece desmentilo e facernos crer que nos atopamos en Asturias. Impresiona a aldea encaixada entre as montañas. Abandonámola pola parte alta atravesando pastos, piornos e matorrais. Ao final deste tramo chegamos a Oseja coa intención de xantar alí, pero alguén suxestionou que é mellor comer á saída da aldea, e xa se sabe que estas vilas son moi traizoeiras, e a saída delas alóngase máis do debido. Case unha hora despois, por fin descansamos ás sombras dunhas brañas.

Tras unha pequena sesta subimos un pouco máis, pero a falta de tempo fai que deamos volta. Retornamos cara á aldea de Ribota, que nos sorprende co seu túnel escavado na rocha e as súas vistas do Pico Ten, varado entre as montañas.

O autobús recóllenos para levarnos co resto do grupo.

Patricia



Fermosa paisaxe co Pico de Mediodía á esquerda

Estancia en Mampodre

Xa facía tempo que non saía ao monte para patear un pouco. Finalmente decidínme a coller o autobús ás doce da noite do 28 de abril.

O sábado a andaina comezou con subida. Tiñamos tempo para tomalo con calma pero hai xente que as veces ten présa, co cal, nun par de horas xa tiñamos feito o percorrido previsto, chegar a “Peña la Cruz” dende a vila de Maraña onde pasáramos a noite nas tendas de campaña. Unha vez arriba, cada un fixo o que lle apeteceu. Uns subiron a Peña Valcerrao, outros descansaron no collado de Valverde vendo a Perlita e a mais Gaspar subindo pola outra cara da montaña. Pola miña parte decidín seguir a Alberto F., fomos uns cantos (Pedro, Chus e Alex) ao sur de onde estabamos e ascendemos ao cume de a “Polinosa” (2.160 m). Estaba previsto para o día seguinte pero como me apetecía facer a excursión de sendeirismo, aproveitei para facer un pouco máis de ximnasia, ás pernas hai tempo que non as fago traballar. Para volver, decidimos facelo polo circo. Pasámolo pipa baixando “esquiando” pola neve, pero tamén polas pedras. Foi, pero que moi divertido!

Ao día seguinte, finalmente, fixéronse tres grupos: montaña, sendeirismo, e os do medio (je, je, je). Seis persoas fomos as que nos adentramos nun bosque caducifolio (ao grupo de onde uniuse Cristina). A marcha comezou no “Porto de Tarna”, sopraba moito vento e ía frío, pero aínda así, Pedro ía cunha roupa de baño moi curta. A ruta seguía polo Porto de Ventaniella e o Collado Mascaredo. Moito precisaba eu pasar por medio das árbores, dos arbustos, ver flores e máis flores. En máis dunha ocasión apetecía parar e tomarse no chan mol e durmir a sesta. Fomos conscientes do camiño longo que nos esperaba e non caemos na tentación. En todo o día non deixamos de subir e baixar, adiviñando, axudados polo mapa, por onde proseguir. O obxectivo era chegar ao “Porto do Pontón”, onde nos recollería o autobús. Había camiños que se pechaban diante noso e a solución era facelo de novo. Marabilloume a paisaxe, tiñamos boas vistas ao chegar aos collados, e nos bosques os pés pisaban alfombras feitas de follas de faia. Máis ou menos na hora prevista chegamos á “Ponte do Inferno” a medio camiño de onde nos viñan a buscar. Puidemos avisar ao chofer con tempo e non houbo que camiñar por asfalto, o maior tormento despois dunha bonita andaina.

O último día fomos case todos subir o Gilbo. Escalada aérea estupenda, vistas panorámicas... ¡que máis se pode pedir! E así como subimos baixamos. Na aldea de Orcada encontrámonos todos, comemos e regresamos a Vigo.

Alegreime moito de vir a este saída.

Andrea Michèle

MARCHA DAS GREAS, 5ª Etapa - 50 Km: Pazos de Borbén - Redondela, 6 de maio

A Federación completou, con esta etapa, o percorrido por este longo sendeiro. Uns 250 quilómetros. Esta foi a máis rural das cinco etapas, xa que o sendeiro transcorre polo interior da provincia.

O día era relativamente fresco para camiñar. En Pazos de Borbén deuse a saída e pronto comezamos a cruzar regatos e arrosios, pasar por carballeiras e piñeiros, pisar camiños antigos, botar unha ollada ás pequenas igrexas románicas, sentirmos poderosos dende o alto do Canón do Oitavén, saudar aos paisanos das aldeas que ata ese día nunca viran pasar tanta “xentiña” por diante da súa porta.

Como o día é moi longo, aínda nos deu tempo a parar e tomar uns cantos cafés. Moitos dos participantes só camiñan coa idea fixa de chegar os primeiros. Persoalmente creo que hai que saborear os momentos.

Non houbo, como noutras edicións, grandes desniveis que salvar. A subida ao castelo de Soutomaior custoume e xa se me fixo aburrida, era todo asfalto.

Esta foi a mellor organizada das cinco edicións, xa había moita experiencia acumulada. O único inconveniente: as duchas, que estaban lonxe da recepción no Concello de Redondela.

A Federación esmerouse cos 40 participantes que realizaron as 5 etapas e agasalounos cunha espléndida medalla de bronce conmemorativa.

¿Volverá a Federación a realizar este ciclo?

Conchi Barciela

MARCHA DE PRIMAVERA Serra do Suído, 21 de maio

Amenceu un día bastante aceptable, polo menos para camiñar, que é ao que imos, aínda que tamén por esa vida social, esas charlas e esas bromas, en definitiva o sentido do humor ao que tivemos que botar man xa que ¡vaia día nos deu a meteoroloxía!, vamos que o de “marcha de primavera” foi só de nome. Pero como fai falta bastante chuvia para suspender unha marcha de montañeiros, paso a relatarvos as nosas aventuras neste día:

Ás 9 h da mañá puxémonos a camiñar cara á Serra do Suído. O autobús deixounos nunha vila chamada a Graña e aí comezamos a nosa andaina baixo unha chuvia que nos acompañou toda a ruta. Nesta zona existen varias pallozas bastante ben conservadas que por desgraza non puidemos localizar este día pola difícil visibilidade. O obxectivo era subir ata o pico Bidueiros, pero a ditosa chuvia encargouse de cambiarnos a idea e tivemos que nos conformar con chegar a Lomba da Serra.

A hora do xantar foi bastante máis cedo que de costume, chegamos a unha aldeña chamada Prado, onde por sorte para nós apareceu ¡un teito onde guarecernos!. Un bar onde tomar algo quente, algúns probaron o viño. Outra opción para quentarse, acompañado por unhas olivas e algo de xamón típico do lugar que amablemente nos ofreceu o señor do bar. Despois dunha agradable charla continuamos a nosa aventura baixo a chuvia, que nos deu unha curtísima tregua durante a que puidemos ver un bonito bosque de carballos e eucaliptos.

¡Por certo!, tivemos un singular compañeiro de andaina, de eses que habitualmente se suman ás nosas rutas, “o mellor amigo do home”, chámano, e ese día nolo demostrou una vez máis, porque el ¡nin paraugas nin gore-tex!

A nosa andaina rematou na praia fluvial de Maceira, onde nos recolleu o autobús que nos trouxo de regreso a Vigo, onde por certo, estaba un día do máis soleado, pero ¡que nos quiten o bailado!

Rebeca Malvar

TRAVESÍA DE PAJARES A OUBIÑA

17 - 18 de xuño

Como bos montañeiros e amantes da aventura non desaproveitamos nin un só momento, incluso a viaxe de regreso, no que ademais da necesaria cabezadiña, nunca pode faltar o intercambio de impresións, sensacións... normalmente o que soe suceder é que cada compañeiro teña unha visión distinta, aínda vivindo o mesmo, compartindo o mesmo... pero esta vez non sucedeu así, xamais vira tan clara unanimidade. En realidade ten a súa razón de ser, porque ¿cantas veces recibistes visitas inesperadas na escura madrugada dun altílo? Cando xa todos gozamos do silencio reparador que nos brida a noite (ben, agás aqueles que debido aos “sons personalizados” dalgúns/as non podían pegar ollo, pero ese é outro tema). Pois si, esa visita que fixo sementar pánico de algunha e risa de todos foi, por unanimidade, “a sensación da finde”, e que non esqueceremos, ¡vamos! que queda na nosa lembranza “pa sempre xamais”. O normal sería ser máis concisa á hora de contar a historia, pero perdería súa maxia, e o peor... é que o resto dos compañeiros perderían a oportunidade de vivila, e crédeme, merece a pena. Anímovos a que vos aventuredes a realizar a Travesía de Pajares a Oubiña,



Peña Oubiña

facendo noite en “Casa Mieres” (alí está a maxia), iso foi o que fixemos a finde (17 e 18 de xuño) un grupo de 20 montañeiros que, a pesar das malas previsións (tempo, aforo...), pero grazas ao apoio incondicional de Conchi e Antonio puidemos gozar dunhas paisaxes de ensóño e dunha compañía ¡que compañía!, capaz de facer máis grande a aventura.

Nota. Para aqueles que decidan seguir os meus-nosos consellos e queiran aventurarse na travesía, pedirlles que á hora de durmir deben distribuírse do seguinte xeito: home-muller-home-muller... a noite diravos porque. Esquecíame, é requisito imprescindible “integrarse” coa xente da aldea, senón non xurdirá o momento máxico.

S.A.



Este debuxo, do noso compañeiro Xosé Luis Vázquez, representa unha "actividade" levada a cabo por un participante ao remate do descenso do barranco do sábado. A actividade consistía en encher o bandullo de cereixas, xa que sendo as cinco da tarde inda non tiveramos a oportunidade de xantar, e xa se sabe que a fame... pero ¿que pensarían os habitantes dunha aldea do interior (Serra do Xurés, Ourense) ao ver a un rapaz con neopreno, descalzo, subido a unha cerdeira (da finca da Igrexa) e comendo os seus froitos? O que pensaron non se sabe, pero o que dixeron foi: "fixeches moi ben rapaz, claro que si"

XII DESCENSO DE BARRANCOS da FGM

O pasado día 24 e 25 de xuño os socios Alberto, Sechu e Carlos desprazáronse á provincia de Ourense para participar no XII descenso de barrancos que este ano organizaba o club de montaña Xistra.

A actividade comezou cun divertido barranco no río Salas, onde o resto dos participantes esperaba por nós con paciencia e bo humor. O bonito e divertido da actividade fixo que as 3 horas que durou o descenso entre saltos para todos os gustos e rápeles de diferente dificultade antollaránsenos escasas, o que provocou que os participantes, que seguían con fame de emocións, acabaran realizando o primeiro descenso de acequia da FGM que se fixo cun divertido ambiente castrense.

Finalizada a actividade e tras un merecido descanso no refuxio de Alvite, dirixímonos á localidade de Calvos de Randín na que gozamos dunha excelente cea.

Foi realmente unha pena non poder facer o barranco do día seguinte, aínda que deixamos unha digna representación na persoa de Evaristo que chegou a tempo para a cea mentres nós, de madrugada, regresabamos a Mondariz para participar no Descenso do Río Tea con aletas onde (para continuar a tradición) a organización tamén esperaba a nosa chegada con paciencia e bo humor. Pero iso xa é outra historia...

Carlos Fernández



MONTAÑISMO - VINDEIRA ACTIVIDADE FEDME

60º Campamento de Montaña FEDME

O Parque Natural de Fuentes Carrionas (Palencia) acollerá, do 15 ao 21 de agosto, o Campamento anual de montaña da Federación Española de Deportes de Montaña y Escalada (FEDME), que este ano celebra a súa 60ª edición.

O Campamento estará organizado polo Club de Montaña Fuentes Carrionas e por Guies de Muntanya de l'Alt Pallars, coa colaboración da Federación de Deportes de Montaña y Escalada de Castilla León.

A base do Campamento estará cubcada na zona de acampada do Albergue El Arbejal, na vila de Cercera de Pisuerga, en plena "Montaña Palentina", que será de uso exclusivo para os asistentes ao campamento.

No confín máis remoto e inaccesible da provincia de Palencia se levanta unha espectacular, e case descoñecida, cadea montañosa. Os seus picos e cristas, modelados nas duras e apertadas calcarias de montaña, sobrepasan os 2.500 metros de altura e conforman un singular releve a base de fantásticas agullas, impresionantes precipicios, altivos cantís e profundos vales. Tamén abundan na zona os lagos de orixe glaciar.

15 - 21
de agosto

PROGRAMA DE ACTIVIDADES

Dotado dun alto compoñente deportivo, no Campamento abundarán as excursións, ascensións a cimas emblemáticas, etc. sempre acompañados por expertos coñecedores do Val e especialmente do Parque natural de Fuentes Carrionas, onde se centrarán a maioría das actividades deportivas que terán lugar polas mañás.

Outra das actividades emblemáticas que se celebrarán no Campamento será a Marcha Anual de Montaña, que levará aos participantes a través da "Senda Peña del Oso".

Para as tardes están programadas actividades culturais e rutas paisaxísticas, mentres que pola noite un audiovisual dará por finalizada a xornada.

Máis información en:

<http://www.guiesdemuntanya.com/fedme2006.htm>

22, 23, 24 e 25
de xullo

PICOS DE EUROPA

ORGANIZAN

CLUB MONTAÑEIRO CELTAS - CLUB PEÑA TREVINCA

SAÍDA: Venres 21, ás 23.00 horas, dende a **Praza de España**.
Viaxe: Vigo - Panes.

REGRESO: Martes 25, ás 15.00 horas, dende Poncebos.

PROGRAMA días 22 e 23

O sábado 22 e o domingo 23 o Club Montañeiros Celtas e o Club Peña Trevinca participarán na Marcha Interprovincial que organizará a Sociedade Deportiva **Torrelavega**. Pagarase una cota de 20 euros que inclúe transporte de autobús pola zona, almorzo e cea do sábado 22, comida día 23, furgón para transporte de sacos e esteiras, recordo participación.

SÁBADO 22: Sotres - Pozo das Monetas - Horca de Los Grajos - O Escameillau (2074) - A Garmona (2291) - Pico Santa Ana (2596) - Peña Vieja (2613) - Canal do Vidrio - Minas de Manforas - Campo Menor (1476)

DOMINGO 23: Campo Menor - Serra Cumbre Avenas (1902) - Horcá do Acebal - Cueto del Gato - Espinama (877)

Ambos días haberá actividades paralelas máis sinxelas, para os sendeiristas.

PREZO BUS: 48 euros

PROGRAMA días 24 e 25

(Club Montañeiros Celtas e Club Peña Trevinca)

Luns 24:

OPCIÓN 1) O Cable - Cabaña Verónica - Horcados Rojos - O Cable.

OPCIÓN 2) Fuente Dé - Canal da Jenduda - O Cable - Horcados Rojos.

Martes 25:

Posada de Valdeón - Desfiladero do Cares - Poncebos.

OPCIÓN 3) TRAVESÍA (días 24 e 25, noite no refuxio de Collado Jermoso): Fuente Dé - Vega de Liordes - Collado Jermoso - ascensión a cumios (opcional) - Canal de Asotín - Cordiñanes - Desfiladero do Cares - Poncebos.

BOA ESTANCIA MONTAÑEIRA

29 de xullo
ao 6 de agosto

PIRINEOS 2006, ARIÉGE (FRANCIA)

Ven a Pirineos! Descubre Pirineos!

SAÍDA: Venres 28 de xullo ás 12 da noite.

REGRESO a VIGO: 6 de Agosto

PREZO BUS: 120 euros

ALOXAMENTO: Cámping "La Bexanelle"*** (Vicdessos, Francia)

Está situado a 700 m dentro dun parque sombreado ao borde da ribeira do Vicdessos. Ao pé das ruínas do castelo de Montreal de Sos, da Pique D'endron e co teito do Ariège, o Montcalm (3.017).

Servizos: Piscina, zona de xogos para nenos, terreo para multideportes, biblioteca, ping-pong, sala de TV, asadoiro colectivo, lavandaría, despacho de pan.

PREZOS: 4,80 €/día/persoa; 4,50 €/día/tenda

PROGRAMA PREVISTO

DOMINGO 30: BASSIÈRS

Bus a Marc (1050) - acueducto abandonado (1160) - subida aos lagos de Bassies (1600) - collado de Bassières (1933) - ascensión ao pico de Cabanatus (2053) e descenso ao Port de Saléis (1794) seguindo a liña de cumios ata Aulus-les-Bains (750)

Percorrido moi variado por bosques, ribeiras, circo lacustre e cumios.

Desnivel: +1000 -1300 m. Tempo Estimado: 9 h.

LUNS 31: BEILLE

Bus á estación de esquí de fondo de Beille (1800) - collado da Didorte (2093) - Pico de Lauzate (2493) - ref. Du Rulhe (2185) - lago Bleue (2132) - lago de Compte (1652) - Merens les Vals (1050)

Desnivel: +1000 -1800 m. Tempo Estimado: 11 h.

MARTES 1: PICA D'ESTATS (3.143 m, máx. elevación Calaluña)

Montaña: Bus a chalet de Montcalm (1100) - refuxio de l'Etang du Pinet (2242) - collado de Riufred (2978) - Pico Verdagner (3125) - Pica d'Estats (3143) - regreso ao collado - Pico Montcalm (3017) - regreso polo valle del Subra.

Desnivel: +- 2100 m. Tempo estimado: 11 a 13 h. Saída moi dura.

Sendeiro: Bus a chalet de Montcalm - GR.10 en Marc - Mounicou (1087) - A Prunadiere (1614) - Arties (1000) - saíndo do GR.10 subida a l'Asquiere (1400) - GR. 10 Goulier (1100) - cámping (700)

Desnivel: +1000 -1400 m. Tempo estimado: 7 h sen dificultade

MÉRCORES 2: PICO DES TRES SENHORS (2199)

Montaña: Bus a Orus - ascenso a pla de Madame (1906) - Pico de Pioulou (2166) - Pico des tres Senhors - descenso a Port de Lers - Vicdessos.

Desnivel: +900 -1700. Tempo estimado: 11 a 12 h.

Sendeiro: Bus a Pont de Coudenes (1040) - Collado de Simont (1693) - Jasse de Sirbal (1350) - cabana de Courtal Marti (1812) - collado du Sasc (1798) - variante entre Courtal Marti e collado du Sasc ascendiendo ao cap da Serre de l'Escalier (2072) + 1h - pla de Montcamp (1904) - Siguer (750)

Desnivel: +1300 -1600. Tempo estimado: 9 h sen ascender ao pico

XOVES 3: VALLE DE GARBET

Montaña: Dende o collado d'Escots ascensión ao pico de Freychet (2061)

Desnivel: +1000 -1300. Tempo estimado: 8 h.

Sendeiro: Bus a Aulus-les-Bains - fervenza de Fouillet (1200) - collado e cabana d'Escots (1618) - cabana de Fitte (1387) - St. Lizier (750)

Desnivel: +-1000. Tempo estimado: 6 h.

VENRES 4: PICO D'ENDRON (2420).

Montaña: Saída do cámping sendeiro a Goulier (1100) - ascenso ao Pico D'Endron - descenso a Siguer (750) onde nos recollerá o bus.

Desnivel: +800 1800. Tempo estimado: 11 h.

Sendeiro: Saída do cámping - sendeiro a Goulier (1100) - GR.10 ao collado de l'Esqueras (1467) - collado de Grail (1485) - Lercoul (1150) - Siguer (750) onde nos recollerá o bus. Percorrido sen dificultade polos bosques meridionais do val de Vicdessos.

Desnivel: +-800 m. Tempo estimado: 6 h.

SÁBADO 5:

Saída: 10.00 h. Regreso cara a Vigo.

NOTA: O programa é susceptible de sufrir calquera variación.

BOA
ESTANCIA
MONTAÑEIRA

29-30 abril e 1 maio:

Campamento galego infantil-xuvenil de espeleoloxía

Esta é a primeira actividade oficial da Federación Galega, neste ano de celebración do 25 aniversario. A organización das actividades este ano faise dende a Federación coa aportación humana de varios espeleólogos dos clubs formando unha comisión. Neste caso coordina o noso Club e colaboran na organización Arcoia, Ártabros e E.C.D.C.

O venres pola tardiña desprazámonos algúns membros do GES Celtas para ir preparando o campamento no lugar de acampada, lugar reservado por Moncho, de Arcoia, ante o Concello de Quiroga. O sábado pola mañá fixemos acopio de material e viandas para a manutención antes de que chegaran os participantes e deixamos tenda común e cociña montadas.

Comezou o campamento coa presentación e a organización das actividades do día, deixando todos os participantes as tendas montadas antes de comer. Dispuxéronse grupos logo de xantar e desprazáronse todos á zona de Visuña para ir uns á Cova de Arcoia e outros á Cova da Cabra. Pola noite, cea e xogos co beneplácito do tempo, caloroso e despexado. O domingo almorzo de reforzo e desprazamento á zona de Parada e Moreda e Campelo. Dous grupos visitaron Longo de Meu e un grupo foi a Aradelas, despois ós de Longo de Meu que quixeron visitaron o Pozo do Tarelo, primeira aventura con corda para moitos dos participantes.

Arcoia

A esta cova fomos un grupo moi numeroso de xente, rapaces pequenos e outros xa un pouco maiores.

Para chegar ata a boca da cavidade tivemos que subir moito, estivemos camiñando durante uns 45 minutos. As vistas eran moi bonitas, e os pequenos e os non tan pequenos, como Antonio, pasárono ben correndo pola montaña na subida e na baixada tamén.

A boca ten dúas entradas, primeiro fomos cara á dereita e encontramos unha pequena galería con formacións, logo fomos a esquerda, alí as galerías eran máis grandes. Pasamos un resalte na entrada, logo encontramos un paso bastante estreito que foi desobstruído e un pouco máis adiante atopamos un destrepe que comunica cunha sala moi grande e alta, nunha das paredes tiña unha pequena ventá pola que se accedía ás demais galerías. Ao final encontramos cun pequeno lago no que só por contentarnos, Iago e Ramón non dubidaron en bañarse, e sobre todo houbo moito barro.

No descenso da montaña Antonio e Antón botaron unha boa carreira e detrás seguíronos Bea, Miguel, Guille, Ramón, Iago e eu.

Marta



Tarelo

Longo de Meu

O domingo pola mañá marchamos todos á Devesa da Rogueira para facer a travesía da cova Longo de Meu. Alí vimos moitas estalactitas e estalagmitas, columnas e moitas gateiras, tivemos que pasar por unha con auga, pero eu paseina de pé. A cova ten a súa saída no alto dunha ladeira que baixamos de cu como nun tobogán. Abaixo sentamos todos en grupo para unha foto e Lourdes que estaba atrás de todo preguntounos se queriamos beber e tirounos auga por riba.

Despois do xantar fomos ao Tarelo. É unha cova cun pozo de 10 m., ao final do cal hai tres salas. Unha ten estalactitas vermellas porque se forman coa auga ferruxinosa, noutra sala, na que hai que entrar por unha gateira moi estreita, hai uns ósos fosilizados con forma dun pé, e na terceira, que está situada ao lado dun pequeno lago, ten un óso parecido a un fémur e outros máis pequeniños.

Antón

Guille

6-7 maio:

Carrelo do Asno, Xisto 3.

Seguímos coas nosas incursións en cavidades con datos incompletos para a topografía, situación,... Así volvemos a esta zona de Xisto, onde hai varias cavidades, a meirande parte delas de pequenas dimensión, ao longo e ao ancho e alto.

Completamos as medicións de Carrelo do Asno nas galerías superiores e tamén a de Xisto 3. Tamén visitamos un fermoso abeiro, cara ao río Cereixo onde "habitaba" unha ave rapaz nocturna, posiblemente un bufo, polos sinais que alí deixou, a cova de Subeiro.



Subeiro

Gozamos desta fermosa fin de semana courelá Daniel, Emilio, Eugenia, Óscar e Lourdes.

3-4 xuño: Xornadas de Conservación de Cavidades.

En Pedrafita celebráronse estas xornadas, que ademais de conservación de cavidades levaban adherida unha exposición das fotos recibidas como denuncia do deterioro do medio subterráneo e tamén unha charla e prácticas sobre a fotografía dixital coordinada pola Escola Galega de Espeleoloxía.

O sábado fixéronse grupos para visitar covas, analizar o seu deterioro medioambiental e recoller, no seu caso, os residuos existentes. As covas que se visitaron, limparon e se completou a ficha de conservación foron Pozo da Zarra, A Ceza, Variña da Veiga, Súas Faias, Sumio das Labradas...

A cova con máis residuos foi a da Zarra, con restos da industria queixeira das proximidades e outros residuos orgánicos rurais.

A cova que serviu de prácticas despois da charla de fotografía foi Valdeabraira, onde dispuxemos as

cámaras dixitais facendo probas, primeiro sen flash como nos recomendaran e despois, aproveitando ás dimensións da galería, con flash a esgalla, sacando toda a profundidade da galería nunha soa foto dende a entrada con distintos flash e cámaras dispostos ao longo da galería.

As conclusións que se sacaron son que as cavidades, agás o pozo da Zarra están en boas condicións de conservación. Que a fotografía dixital ten moitísimas posibilidades nas cavidades, sobre todo podendo retocalas despois para adaptalas a unha luz adecuada e a outros cambios. Que a participación no asunto medioambiental non é moi concorrida...

Participamos na organización deste campamento membros de Celtas, Ártabros, EGE, ECDC e do noso club tamén fixemos honor á pouca participación indo soamente Emilio, Óscar e Lourdes.

A Sección

Espeleonovas

8 xullo: Xornadas iniciación ao descenso de canóns, en Melón.

29 xullo - 6 agosto: Campaña HORNIJO 2006. Xa están as datas confirmadas, do 29 de xullo ao 6 de agosto, reservade os días, as forzas, e collede moito ánimo. Acamparemos en Fontefría, no mesmo lugar que o fan na campaña do AER e así tamén aproveitaremos a infraestrutura do seu campamento. Necesítase persoal para exploración, topografía, prospección, manutención, porteo, animación, ...¡a todos! Querémosvos e querémosvos ver alí.

16 - 17 setembro: Multiactividade Xuvenil, Canóns - Bici - Espéleo - Escalada. O lugar está pendente de determinar.

23 - 24 setembro: 11 Campamento social Infantil-Xuvenil de Espeleoloxía. Estaba programado para xuño, pero quedou aprazado por mor dos exames para setembro, posiblemente os días 23 e 24. Lembrede de ir avisando aos vosos amigos para facer un campamento moi animado.

PUBLICIDADE



Mi Kayak

ACTIVIDADES:

TRAVESÍA EN MAR, TRAVESÍA EN RÍO, RAFTING, INICIACIÓN AUGAS BRAVAS, ESPECIAL GRUPOS ESCOLARES, COLECTIVOS, ALUGUER DE EMBARCACIÓNS.

TENDA:

EQUIPÁMOSTE AO COMPLETO, SEXA CAL SEXA A MODALIDADE DE PIRAGÜISMO QUE PRACTIQUES. CONSÚLTANOS. ENVIARÉMOSCHE OS NÓSOS CATÁLOGOS E TARIFA DE PREZOS.

DESCONTOS

AOS SOCIOS DE MONTAÑEIRO CELTAS
para pagos en efectivo:

10 % na tenda (excepto promocións)
e 15 % nas actividades.

Tenda: rúa Lago, 8-9, en Figueiró (Tomiño). Telf: 986 620 211
Centro de Actividades: Praia do Arenero, Guillarei (Tui). Móbil: 606 304 737
Web: mikayak.net email: mikayak@teline.es

A nosa sede está nunha nave de 1.000 metros cadrados,
Onde mostramos todos os nosos artigos, dende o Kaiak de turismo ata o máis sofisticado de alta competición, así como os complementos e accesorios.

*Edita: Club Montañeiros Celtas.
Dirección, deseño e maquetación: José López Pérez "Sechu".
Normalización lingüística: Enrique González Cameselle.*

Colaboran neste número: Françoise Fauré, Martín García Pérez, Irene Alemparte, África Leirós, Sofía Martínez, Fernando Fdez. Rey, Víctor Revenga, Concha Gilino, Teresa García Cebreiros, Patricia Melón, Andrea M. Rosario, Conchi Barciela, Rebeca Malvar, Sonia Amatriain, Carlos Fdez. Rivas, José Luis Vázquez, Marisa Núñez, Alberto Fontenla, Marta de Oca, Antón García, Guillermo de Oca, Iago Rguez. Estévez e Lourdes Castiñeira.

Club Montañeiros Celtas non comparte, necesariamente, as opinións dos seus colaboradores.

Imprime: Garpe. Depósito Legal: VG:40-1998. Impreso en papel reciclado.

Subvencionado pola
Presidencia da Xunta
de Galicia.
Secretaría Xeral de
Política Lingüística.



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística



Colabora
Concello de Vigo
- Área de
Participación
Cidadá

VINDEIRAS ACTIVIDADES

MES	DÍAS	LUGAR	ACTIVIDADE	ORGANIZA
X U L L O	1-2	(Asturias)	Travesía: Cueto Arbás - Porto de Leitariegos	S.D. Montañismo
	1-2	Illa de Ons	Campamento Infantil de Verán	S. Infantil
	8	Melón	Xornadas Iniciación Descenso Canóns	S.D. Espeleoloxía
	8-9	Camariñas	Ruta da Espuma	S.D. Sendeirismo
	9	Serra de Arga	Xornadas de Iniciación á Escalada	S.D. Escalada
	9	Baiona	PRG.62 Sendeiro dos petroglifos	S.D. Sendeirismo
	15-16	Portosín	Campamento de Verán	S. Act. Sociais - S.D. Act.Subacuát.
	21	Ría de Vigo	Inmersión submarina	S.D. Actividades Subacuáticas
	22-23-24-25	Fuente De (Asturias)	Picos de Europa	S.D. Montañismo - C.P.Trevinca
	23	Baiona	Baiona - Cabo Silleiro	S.D. Sendeirismo
30	Cangas	Sendeiro tranquilo. Cangas - Cabo Home	S.D. Sendeirismo	
A G O S T	29/07 - 06/08	Ariege (Francia)	Pirineos 2006 - Francia	S.D. Montañismo
	29/07 - 06/08	Ramales (Cantabria)	Campaña 2006 - Hornijo	S.D. Espeleoloxía
	11	Ría de Vigo	Inmersión submarina	S.D. Actividades Subacuáticas
	13	Baiona	PRG.62 Sendeiro dos petroglifos	S.D. Sendeirismo
	15-21	Fuentes Carrionas (Palencia)	Campamento Anual Estatal. Palentinas	FEDME - C.M. Fuentes Carrionas
27	Baiona	Baiona - Cabo Silleiro	S.D. Sendeirismo	
S E T E M B R O	2-3	Monte Aloia	Marcha Nocturna: PRG 2 Galiñeiro - Aloia	S.D. Montañismo
	3	Goián	Sendeiro tranquilo. Goián - Niño do Corvo	S.D. Sendeirismo
	8	Local Social	Festa Reencontro	S. Actividades Sociais
	9	Ría de Arousa	Inmersión submarina	S.D. Actividades Subacuáticas
	9-10	Poios (Portugal)	Xornadas de Escalada.	S.D. Escalada
	9-10		9º Campamento Social Descenso Canóns	S.D. Espeleoloxía
	9-10		Curso Escalada Artificial	FGM - EGAM
	16	Caldas de Reis	As Augas de Caldas	S. Cultura e Medio Ambiente
	16-17		Xuvenil: "Baixo Terra", "Polas Paredes", "A golpe de pedal"...	S. Xuventude
	17		XVIII Marcha Galega de Veteranos	FGM - C. Pena Trevinca - M.G.
	22	Local Social	Proxección dixital: II Campionato Galego de Escalada Base	S.D. Escalada
	23	Illas Cíes	Inmersión submarina dobre	S.D. Actividades Subacuáticas
	23-24	A Guarda	Travesía: Tegra - Galleiro	S.D. Montañismo
	23-24	Cobas	11 Campamento Social Infantil-Xuvenil de Espeleoloxía	S.D. Espeleoloxía
30/09 - 01/10		XXXV Campamento e Marcha Infantil-Xuvenil de Montaña	FGM - S.M. Ártabros	

CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

w Avda. Camelias 78, Oficina K. 36211 - Vigo

w Apartado de Correos 1836. 36200 - Vigo

w Teléfono: 986 438 505 - Fax: 986 912 220

w Internet: www.celtas.net

w Correo electrónico: info@celtas.net

w Horario: 19.00 h - 21.30 h, de martes a venres